

# ELINOR OSTROM

Elinor Ostrom naceu en Los Ángeles no ano 1933. Durante a súa infancia e a súa mocidade non o tivo doado, pois medrou durante a gran depresión que seguiu á crise de 1929. Da súa nai aprendeu a cultivar a horta e a preparar conservas para aforrar cartos, unha experiencia que lle fixo tomar conciencia desde moi cativa do valor dos recursos naturais e da sustentabilidade, eixos que marcarán despois o seu traballo.

Tras rematar os estudos de Secundaria, matriculouse na Universidade de California de Los Ángeles, UCLA, onde se graduou en Teoría Política. Comezou a traballar e, máis tarde, solicitou un posto de asistente de investigación, polo que comezou a facer a súa tese de doutoramento, que defendeu en 1965. Durante este período coñece ao que sería o seu home, Vincent Ostrom, con quen desenvolveu a meirande parte dos seus traballos de investigación e con quen creou a *Bloomington Scholl* para o estudo de mecanismos espontáneos que permitisen o uso eficiente de bens públicos.

En esencia, o traballo de Lin, como era coñecida entre o seu alumnado da Universidade de Indiana, onde traballou desde 1965, tratou de probar que nin a xestión pública nin a privatización son sempre a mellor alternativa posible. Demostrou que as comunidades, cando están ben organizadas, son máis eficaces e logran un uso máis sostible dos recursos, porque teñen un coñecemento máis directo da realidade.

Ostrom fixo fincapé na xestión de recursos comúns como ríos, bosques, zonas de pasto ou sistemas de irrigación. Durante longo tempo os economistas sostiñan, case por unanimidade, que os recursos naturais que se usaban dun xeito colectivo serían sobreexplotados e destruídos a longo prazo. Ostrom refutou esta idea, demostrando evidencias de experiencias de bo goberno dos bens comúns e expoñendo como as asociacións de usuarios poden xestionar con éxito a propiedade común. Así, o principal concepto da investigación de Ostrom son os bens comúns como unha terceira alternativa entre bens de tipo privado e público.

No ano 2009, Elinor Ostrom fixo historia: foi a primeira muller en recibir o Premio Nobel de Economía pola súa análise da gobernanza económica, especialmente os bens comúns.

Mateo Reguera Ferreira

4º ESO B